



**Edicións Dixitais** de Chan da Pólvera Editora • **3**

## 2018. Prácticas híbridas da poesía galega

Antía Monteagudo Alonso

**H**ai xa un tempo que a poesía está a sufrir un proceso de liberación das súas formas tradicionais e de unión a outros medios artísticos. Os poemas non se escriben só con palabras, senón que existen unha multitude de formas e canles nas que estes poden aparecer. As publicacións galegas de 2018 dan conta desta diversidade e demostran como cada vez é máis común que o poético dialogue con outras prácticas artísticas como a *performance*, o cine, a música ou as artes visuais e plásticas.

Os traballos híbridos deste último ano abrangueron diferentes e variadas combinacións, ata o punto de dar inicio a novos xéneros na nosa lingua, como aconteceu coa poesía e a banda deseñada, que se uniron na primeira obra de cómic poético galego (o xénero internacionalmente coñecido como *comic poetry*). *O puño e a letra* (Xerais) é unha antoloxía cos textos máis famosos de Yolanda Castaño e coa colaboración de máis de 40 artistas plásticos que reinterpretaron os seus poemas en forma de banda deseñada. O feito de que non só haxa palabra, senón tamén imaxes, implica unha nova escrita deses textos e para nós, unha nova e interesante lectura.

Outro xénero intermedial que viviu un considerable auxe durante este último ano foi o da videopoesía, a unión do mundo poético e audiovisual. Se ben é certo que xa hai uns anos que se está a traballar bastante con videopoemas, 2018 converteuse no ano da súa consolidación en parte coa aparición de *Versogramas* (Xerais), o primeiro documental que tenta reflexionar sobre as características propias deste xénero híbrido e que foi producido e dirixido por Juan Lesta e Belén Montero. Xunto a esta aposta, apareceron tamén varios videopoemas de autoría individual cos que os seus autores e autoras pretendían darlle unha nova vida aos seus versos. Cómpre destacar o traballo que Celia Parra realizou a partir do seu *Pantallas* (Galaxia) ou o que Miriam Reyes fixo a partir dun dos seus poemas de *Sardiña* (Chan da Pólvora), ao que se accede a través dun código QR dispoñible no propio libro. *Sardiña* constitúe a súa primeira achega ao panorama literario en galego despois dunha ampla traxectoria en español.

É imposible falar sobre formas poéticas híbridas sen mencionar a *performance*, a escrita do poemacocorpo, que nos últimos anos se viu impulsada pola multiplicación de festivais artísticos e pola cada vez máis habitual dislocación da poesía ao espazo público. Entre os numerosos festivais que se dan cabida dentro do noso panorama

cómpre destacar, por exemplo, a primeira edición do festival *Alguén que Respira!* , precisamente porque propicia ese diálogo entre o poético e o corpo.

Resulta curioso que no 2018 non só saíse o poema do papel, senón que un nomeado grupo de creadoras relacionadas coa poesía oral e o mundo da *performance* decidisen publicar por primeira vez os seus textos en formato libro. Destaca, sobre todo, o esperado primeiro libro en solitario de Lucía Aldao, *Todo isto antes era noite* (Apiario), escollido como o mellor poemario de 2018 na web de literatura Fervenzas Literarias. Tamén outras autoras como Vanessa Glemsel e Nuria Vil, que ata o momento estiveran só ligadas á poesía oral e á *performance*, incluíron algúns dos seus poemas en *Dentes para a mazá* (Chan da Pólvora), unha antoloxía poética nacida co obxectivo de recoller os versos de autores sen libro propio en galego.

2018 foi un ano cheo de propostas, tanto por parte de novas voces como de autores recoñecidos. Seguíronse as tendencias máis actuais do panorama internacional, continuouse cunha liña poética máis tradicional e déuselle espazo a manifestacións que levaban a poesía cara a novos medios e formas. Esta multiplicación de posibilidades, á parte de enriquecer o noso panorama literario, fainos reler os textos desde novas perspectivas e obríganos a reflexionar sobre o obxecto poético e os numerosos corpos nos que se pode presentar a poesía.

